

A collection of colorful stars (yellow, red, black, white, blue, green) hanging from the top of the page by thin white lines. The stars are arranged in a scattered pattern across the top half of the image.

# baixo as estrelas

sábado 14 de maio de 2011

de 18:00 h. a 24:00 h.

Participa nas actividades de celebración do DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS: teatro, música, obradoiros, xogos, visitas guiadas... un día de festa.

máis información:  
<http://acorunacultura.org>

A CORUÑA CULTURA  
*tamén é  
cousa túa*

# Sábado 14 de maio desde ás 18.00 h. até ás 24.00 h.

## BRANÇAS: ITINERARIO ESCÉNICO URBANO NO DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS

Equipo multidisciplinar de profesionais da danza, do mimo, da performance, do teatro, do cabaré ou do teatro de rúa que crearán un espazo imaxinario en branco no medio da cidade que irá percorrendo diferentes prazas e Casas Museo. Formarán o elenco Bea Bravo, Cristina Casas Pou, Fabiana Gastaldello, Greta Mari Rodríguez, Inés Barcia, Iván Villar, María Polo, María Manero, Uxia Vázquez ou Yolanda Paz, de compañías como *Femme Fatale*, *Contra2*, *A Pie Alzado*, entre outras, nunha proposta coordinada por Nélsón Quinteiro.

18.00 h. Xardíns de Méndez Núñez (25 minutos)

19.00 h. Praza de Pontevedra (25 minutos)

20.00 h. Casa Museo Emilia P. Bazán (25 minutos)

21.00 h. Casa María Pita (25 minutos)

22.00 h. Casa Casares (25 minutos)

## UN ENCONTRO ESPECIAL COAS PERSONAXES DAS CASAS-MUSEO

Visitas dramatizadas ás catro Casas Museo realizadas por Crearte Servizos Culturais.

### • 18.00 h. CASA MUSEO PICASSO "María Picasso fai memoria"

A nai de Picasso, Dona María, simpática andaluza, lévanos de viaxe ao tempo no que a familia vivía na cidade e cóntanos as aventuras do seu fillo. Familias e público xeral.

### • 18.00 h. CASA MUSEO EMILIA PARDO BAZÁN

Dona Emilia é moita Emilia". Dramatización lúdica sobre a escritora. A Sra. Condesa convidanos a participar da súa paixón polos contos na súa ilustre casa.

• "Esa chapa é moita chapa"... Obradoiro de chapas durante toda a xornada dos museos.

### • 20.45- 21.00 h. Audiovisual "Autobiografía"

De Ana Domínguez. A proxección será en bucle durante toda a xornada.

### • 21.00-21.50 h. Obradoiro de Tammorraia.

Baile tradicional do sur de Italia (Rexión de Campania). Irene Gonzalez.

### • 22.00 a 22.30 h. "Cidades de Vento e de Mar".

Ruta temática sobre Génova e A Coruña a través das imaxes, da literatura e da música. Irene Gonzalez y Reyero e Nadia Plsinelli.

### • 18.00 h. CASA MUSEO MARIA PITA

#### "Coñece a María Pita e axúdaa a vencer ao alférez abandeirado!"

María Pita, aguerrida coruñesa, amósanos a súa casa e convidanos a participar na emocionante persecución e loita contra os ingleses. (Familias e público xeral).

### • 19.30 h. CASA MUSEO CASARES QUIROGA

#### "I Encontro de personaxes históricos da Coruña"

María Picasso, María Pita, Dona Emilia viaxan no tempo para acudir ao convite de Casares Quiroga na súa casa. Cada un trae consigo a súa memoria da cidade e todos comparten co público divertidas vivencias. Tódolos públicos.

## MÚSICA

### • 19.00 H. CONCERTO DO GRUPO DE JAZZ DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DA CORUÑA

Xardíns de Méndez Núñez (Diante do Kiosco).

### • 23.00 H. CONCERTO DO MELANIE MARAÑÓN E AMAIA GARRIDO

(Conservatorio Superior de Música): "Dúos do repertorio de violoncello dos séculos XVIII, XIX e XX). No xardín da Casa Casares Quiroga.

## TEATRO

### • FRAGMENTO DE "A NOITE VAI COMO UN RÍO", de Álvaro Cunqueiro.

Aula de Teatro do Forum Metropolitano. Casa Casares Quiroga. Ás 21:00 h.

### • EXTRACTO DA OBRA "IN-COMUNICANDO", Compañía Mequetrefes:

Patricia Coucheiro, Estevo Azañón e Lucía Abarrategui. Ás 19.30 h. na Casa Emilia Pardo Bazán (20 minutos).

### • NÚMERO DE CLOWN "TOTAL TRAINING CHAIR", Marta Iglesias Martín,

ás 19.00 h. na Casa Emilia Pardo Bazán (10 minutos).

### • NÚMERO DE CLOWN "DESCLOWNTROL", Mónica Suárez e Marta Iglesias.

Na Casa Emilia Pardo Bazán ás 22.45 h. (10 minutos).

## CINEMA (en colaboración co CGAI)

### "LA CORUÑA, LA CIUDAD EN LA QUE NADIE ES FORASTERO"

(Ramón Sáiz de la Hoya 1965). De 22.00 a 24.00 h. Diante do Kiosco Alfonso.

## DANZA

### • "FRAGMENTOS", unha obra composta por diferentes pezas coreográficas.

Centro Coreográfico Galego. Diante do Kiosco ás 20.00 h. (30 minutos).

### • "Trop...PeZ...eime". Performance Danza-Teatro. Lía Pichel Garrido.

Ás 23.00 na Casa Emilia Pardo Bazán (10 minutos).

### • "Eu=x + (o resto)". Danza Contemporánea. Cía Ciacisma Danza: Isabel Sánchez

e Fiona B. McCuden. Ás 23.30 h. na Casa Emilia Pardo Bazán. (10 minutos).

## SALAS DE EXPOSICIÓNS

• **KIOSCO ALFONSO:** Quintana Martelo, escultor e pintor. Un dos nosos autores máis profundos cunha linguaxe moi persoal e moderno. Visita guiada por Tonecho Otero ás 18:00 h.

• **SALA DE EXPOSICIÓNS DO CONCELLO:** "Desembarco dos 80. Cando A Coruña foi postmoderna" (Homenaxe a Lois Pereiro). Visita guiada por Xurxo Taxes ás 19:00 h.

• **SALVADOR DE MADARIAGA:** "Elos". As visións fotográficas de Paula Gómez del Valle, fúsiónanse con textos de distintos autores. Ven a ler con nós as 22:00h. Lectura poética "Poesía e Nocturnidade".

• **NORMAL:** (Paseo de Ronda 47 - Antiga Escola de Maxisterio):

Exposición "Action/Reaction: O Universo Creativo de David Lynch".

## VISITAS GUIADAS A OUTROS ESPAZOS

• **CASA DO CONCELLO / MARÍA PITA:** Visitas guiadas á Pinacoteca e ao Museo dos Reloxos. Ás 20:00 e as 22:00 h.

• **TEATRO ROSALÍA CASTRO:** Ven a coñecer o teatro por dentro: visita guiada ás 23:00 h.

### • MUSEO ARQUEOLÓXICO CASTELO DE SAN ANTÓN:

Visita guiada ás 22:00 h.

• **TORRE DE HÉRCULES:** Entrada de balde a partires das 18:00 h.

• **MUSEOS CIENTÍFICOS DA CORUÑA:** O Aquarium abrirá o día 14 até as 24.00 h.

A entrada é de balde desde ás 18:00 h. Exposición "WORLD PRESS PHOTO 2011".

## OBRADOIROS NA RÚA

• **OBRADOIRO DE CALIGRAFÍA ARTÍSTICA.** Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso. Na Praza das Bárbaras de 18:00 a 19:00h.

• **ENCAIXAS:** Artefacto plástico. Obradoiro didáctico para nenos e nenas de 1 a 10 anos nun espazo artístico e dinámico. Unha proposta de Aula de Ideas desenvolvida por Anxela Caramés, Eva Alfonso e Adriana Pazos. Diante do Kiosco Alfonso as 18:00 h.

## MUSEO DE BELAS ARTES aberto até as 23:30 / Rúa Zalaeta, s/n

• **VISITA GUIADAS AO MUSEO "O MUSEO ENTORNO Á MEMORIA".** Ás 20:30 h.

• **CONCERTO DE JAZZ DE QUINTO MOURELLE- ROBERTO SOMOZA DÚO.**

De 21:30 a 22:30 h.

• **VISITA GUIADA "O QUE CONTAN OS CADROS".** Ás 22:30 h.

## FUNDACIÓN BARRIÉ aberto até as 02:00 h. / Cantón Grande

"A Cultura está máis cerca do que cres", lema baixo o cal a Fundación Barrié se suma o sábado, 14 de maio, á celebración da Noite dos Museos 2011 coa apertura especial do seu vestíbulo, no que amosará en imaxes a historia das exposicións da Fundación desde 2005 até a actualidade, para facer memoria e recordar as exposicións máis destacadas nas sedes da Coruña e Vigo, sobre arquitectura, deseño, fotografía e patrimonio. Ademais, a Fundación instalará un gran panel no que o público poderá deixar as súas mensaxe de apoio á cultura e a cambio levarse unha chapa conmemorativa da celebración.

## FUNDACIÓN LUÍS SEOANE Rúa San Francisco, s/n

• **EXPOSICIÓN: "CABANAS PARA PENSAR" E "ARQUITECTURA ESCRITA".**

• **OBRADOIRO PARA RAPACES E RAPAZAS SOBRE A FIGURA DE**

**LUÍS SEOANE:** "Un edificio, un mar, un artista" (+4 anos) ás 19.00 h.

## MACUF Museo de Arte Contemporáneo Gas Natural Fenosa / Avda de Arteixo 171

• **PRESENTACIÓN DA ACTIVIDADE "ACADÉMICOS SEN BARBA".** Nenos e nenas de 7 a 10 anos de idade descubren a Colección de Arte Contemporáneo Gas Natural Fenosa aos nosos visitantes, a través de comentarios gravados en dispositivos portátiles de vídeo. A partir das 22:00 h.

• **VISITA GUIADA Á EXPOSICIÓN "FRECUENCIAS",** de Eugenia Ballcells.

## SEDE FUNDACIÓN CAIXA GALICIA Aberta até as 22.00h. / Cantón Grande 21-24

• **DESCUBRINDO OUTRAS CULTURAS A TRAVÉS DA ARTE.** Obradoiros para rapaces e rapazas. Das 11:00 ás 14:00 e de 17:00 a 20:00 h.

• **EXPOSICIÓN "AMELIA PÉREZ, UNHA MIRADA EN RETROSPECTIVA"**

## GALERÍAS DE ARTE. Anímate a visitar as súas exposicións.

• **Galería 981 Style:** "Pintura en directo" (Óscar Cabana). "Fotografía e retoque en directo" (Pablo Mella). "Proxección dun filme sobre arquitectura". (As actividades comezan a partir das 21:30 h.). Rúa Marqués de Pontejos 7. 981style@981style.com

• **Galería 9THE13:** Inauguración ás 18:00 h da exposición "Prometeo y la caja de Pandora", de Yolanda Relinque. Rúa Tabernas, 9-baixo.9the13@9the13.com

• **Galería A botica das artes:** Horario ininterrompido de 11:00 a 24:00.

"Exposición de pintura e escultura de Guada".

Obradoiros para todo tipo de público a partir de 6 anos: "Actividade de pintado e esmaltado sobre pezas de cerámica" polo Obradoiro Androx de Tomiño (artistas: Patricia Cardoso e María Teresa Iglesias) de 12:00 a 14:00 e de 16:00 a 18:00 h. Rufino Peral realizará e ensinará como facer pintura con acuarela. 15:30 - 17:30 h. "Obradoiro de pintura pola artista Guada": realización dunha obra en acrílico de 18:00 a 20:00 h. Obradoiro de arte realizado por Emilio Celeiro de 20:00 a 21:30 h. Actuación de Xurxo Mares ás 21:00. Avda. da Pasaxe, Crtra. do Burgo 37 - Parking privado Farmacia Rilo. info@boticaarte.com

• **Galería Alen Klass** (aberta até ás 23:00 h.): "Exposición da artista Serra Sanabra".

"Obradoiro en directo de creación artística" a cargo de dous pintores. (Para todos os públicos. De 18:00 a 21:00). Realización do mural de creación libre "Pezas da Memoria" entre todos os visitantes da galería. De 18:00 a 23:00. Rúa Dolores Rodríguez Sopena 9 - Zona Santa Margarida. Alenklass@yahoo.es

• **Galería Ana Vilaseco** (Aberta até ás 22:00 h): Exposición "Frame", de Nico Munuera.

"Obradoiro para nenos e nenas" ás 18.00 h. Rúa Padre Feijóo, 5 1ª. galeria@anavilaseco.com

• **Galería ARGA-**: "Exposición Colectiva de ARGA" e "Mural colectivo" realizado coa participación dos visitantes. Rúa Real 34. Primeira Planta.

• **Galería Arte-Imagen:** Exposición "Músicos y vida cotidiana", de Juan Galdo.

Rúa Ramón y Cajal, 5 baixo. Arimagen@ozu.es

• **Galería Atlántica Centro de Arte:** (aberta até ás 22:00 h.) Rúa Federico Tapia 15 - baixo.

Atlantica@atlantica-arte.com

• **Galería de Arte COLECCIONan:** Inauguración ás 21:00 h da mostra colectiva de 15 artistas que leva por título "De libros y de artistas". Travesía do Orzán, s/n. coleccionan@gmail.com

• **Galería de Arte Julia Ares:** "Exposición permanente". "Tertulia con artistas da cidade".

Rúa Curros Enríquez 5, baixo. info@elreflejo.com; juliares@live.com

• **Galería de Arte Xerión:** Exposición "Jordi Isern". Rúa Modesta Goicouría 7.

Galeriaxerion@hotmail.com

• **Galería Monty4arte:** Inauguración da exposición: "Obra seleccionada, Os nosos artistas"

(Abelenda, Caruncho, Caneda, Benito Freire, Yolanda Dorda, Victoriano Fernández...).

Obradoiros, Artistas na rúa (dirixidas a público de 7 a 13 anos. Precísase previa inscrición no 881 968 519). De 18:00 a 20:30. Santiago Caneda, Victoriano Fernández (pintura);

Colectivo Mano Izquierda (intencións en cabezas de manequín); Mariola Romero

(escultura en barro); Jorge Vázquez Carmona (xogos de pintura e luz).

Montroig 4. Info@monty4.com. Actuación do grupo ANAGA.

• **Galería Moret Art** (Aberto até as 20:00). Obradoiro didáctico "Unha viaxe a través da

escultura: modela en Moret Art". De 12:00 a 13:30 h (de 4 a 8 anos- inscrición previa en

981 927 376 - moretart@moretart.com ). Rúa Olmos 12-14, 1º B.